

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de adoptar acordo en relación co recoñecemento á traxectoria de D ^a M ^a Dolorés del Valle Béchade»
Data	08 de outubro de 2020
Duración	Desde as 21:00 ata as 21:28 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D^a Nerea Pintos Castro.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Asiste, en calidade de invitada, D^a Beatriz Laya Rey, historiadora e autora do artigo “Dolorés del Valle Béchade. A historia da “Francesa” na revista Cen Follas.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, a presidenta abre



a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.Expte. 4077/2020 - Nomeamento de D^a M^a Dolores del Valle Béchade como Filla Adoptiva da Vila a título póstumo

A Sra. Alcaldesa da conta do motivo da celebración da sesión extraordinaria; o nomeamento de D^a M^a Dolores del Valle Béchade como Filla Adoptiva da Vila a título póstumo.

Da conta aos concelleiros/as de que teñen a súa disposición un exemplar da revista Cen Follas onde se publicou o artigo de Beatriz Laya, "Dolorés del Valle Béchade. A historia da "Francesa".

Presta agradecementos a Beatriz Laya e a Asociación Cen Follas por divulgar a figura de D^a M^a Dolores del Valle Béchade que tantas cousas fixo e, en especial, a prol da vila de Cambados.

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior, favorable, adoptado por unanimidade dos seus membros.

A Sra. Alcaldesa da lectura á proposta que di,

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Presentada por Bea Laya a petición desta alcaldía, a raíz da súa reportaxe publicada en Cen Follas de artes e letras:

O 24 de abril de 1885 foi unha data importante para o pobo de Cambados por un feito ocorrido a algo máis de 1000 km de distancia, en Angoulême, ao suroeste de Francia.

E é que aquel día viu ao mundo María Dolorès del Valle Béchade, unha figura moi importante para o desenvolvemento da nosa vila, especialmente da súa mocidade, durante o século XX. Coñecida como "A Francesa", nunca deixou de selo, pois a pesares do agarimo que sentía polo noso pobo e as importantes raíces que botara nel, nunca renunciou á súa nacionalidade francesa.

O seu contacto con Galicia debeuse a motivos familiares, xa que a amizade de seu pai, Leon-Manuel-Anatole del Valle co profesor Manuel Burillo, descubriulles á familia del Valle Béchade os encantos do surda Ría de Arousa, a onde acudían dende finais do século XIX a tomar os baños na Toxa. Aquí comezou a relación dos "franceses" con Cambados, mercando no 1895 a casa natal de Francisco Asorey, e no 1902 o fermoso Pazo de Serantellos, o cal xa levaban tempo tratando de facerse con el.

Cando Dolores del Valle contaba con tan só dezaoito anos, publica unha serie de artigos no xornal francés L'Univers nos que describe a comarca do Salnés. Grazas a eles podemos coñecer un pouco máis sobre A Lanzada e a Armenteira a comezos do século XX, e zonas de Cambados que naquelas datas xa estaban en posesión da familia: a finca da Regueira, a zona de Tragove ou o Pazo de Serantellos. Tamén nos permite coñecer de primeira man a festividade da romaría da Pastora, con todo luxo de detalles. Grazas a estes escritos, publicados tamén en castelán en varios xornais galegos, podemos apreciar o profundo agarimo que Dolorès sentía pola nosa vila e a súa contorna, como demostrará algúns anos despois.

Segundo os xornais da época, e tal e como recorda a súa familia, seu pai xa mostrara interese por mellorar as condicións tecnolóxicas da agricultura da zona, moi atrasada por entón en comparación coas innovacións que se estaban a producir en Europa, finalidade coa



que mercara o pazo de Serantellos, e que finalmente se veu frustrada poloprematuro falecemento do primoxénito da familia e irmán maior de Dolorès, Merced. Tamén a comezos do século, abriron a ostreira do Pombal, aínda que sen grande éxito, tendo que pechar ao pouco tempo.

De Dolorès del Valle sabemos que destacaba polas súas habilidades artísticas, tanto no eido da música como da pintura. Pero tamén pola súa traxectoria vital, xa que foi testemuño das tres grandes guerras que asolaron Europa durante a primeira metade do século XX. Na I Guerra Mundial exerceu como enfermeira no hospital de Angôuleme, durante a Guerra Civil española presentouse como voluntaria para atender aos feridos do bando nacional no hospital aberto no Hotel daToxa, e durante a II Guerra Mundial volveu a Angôuleme para protexer a súa casa, por aquel entón ocupada polos nazis. Sen dúbida, estes feitos fálannos da valentía dunha muller cunha clara vontade de tomar parte na realidade daqueles tempos.

Pero o feito que nos ocupa, nomeala co recoñecemento de filla adoptiva de Cambados, débese a outras circunstancias, as cales están vinculadas coa xenerosidade que amosou cara a vila de Cambados a partir da década do 1930.

Grazas a ela, os mozos da época puideron contar cun campo de fútbol no que desenvolver actividades deportivas, trala cesión no 1932 dos terreos que tiña a familia na zona do Pombal, fronte a Tragove, ás Juventudes Católicas. O campo de fútbol de A Merced, nome en recordo do seu irmán falecido, foi inaugurado cun partido de fútbol do Juventud Fútbol Club, equipo que, segundo recolle o xornal El Pueblo Gallego, por aquel entón estaba presidido por Dolorès, feito que de ser certo, a convertería na primeira muller en acadar tal cargo nunha entidade deportiva. Daquel campo de fútbol tan só queda o recordo na memoria de boa parte dos veciños e veciñas de Cambados.

Dous anos despois, no 1934, Dolorès del Valle promoveu a construción dun dos edificios máis importantes para a mocidade naquel entón e na actualidade: o auditorio de Cambados, que nun primeiro momento foi sede da Juventud Católica. Grazas á súa intercesión ante María Izquierdo Zárate, Marquesa de Figueroa, conseguiu que ésta finalmente doase os terreos para que se puidese construír o edificio, financiado en boa parte pola propia Dolorès.

Coñecedora da dificultade do acceso das mulleres á educación ou ao ocio naqueles tempos, na mesma data mercou o edificio situado fronte ao parque Torrado para abrir nel a Juventud Femenina de Acción Católica, e que trala Guerra Civil sería convertida en escola, onde a propia Dolorès e a súa sobriña Lucía Vidal daban clase a xente maior para ensinalles a ler, matemáticas e incluso gramática.

Poucos anos despois, xa no 1947, Dolorès del Valle, xunto coa súa familia, tomou a decisión de levar a cabo a súa última gran doazón: entregar á congregación salesiana o pazo e finca de Serantellos, para converter así en realidade o soño de seu pai de facer del unha institución educativa, sendo nun primeiro momento seminario, e dezanos despois o colexio salesiano que hoxe coñecemos.

Os seus últimos anos de vida seguiu habitando o pazo de Serantellos durante as súas estancias en Cambados. Na súa habitación do pazo é onde falecerá o 11 de outubro de 1967, aos 82 anos de idade, e foi enterrada no panteón familiar de estilo neogótico que se atopa aos pés das ruínas de Santa Mariña, a carón de seu pai Leon-Manuel-Anatole del Valle, da súa nai Lucie-Margarite-Amélie Béchade, e da súa irmá María del Valle Béchade.

Dende entón o seu recordo foi caendo no esquecemento para o pobo de Cambados, coñecendo dela pouco máis que as doazóns que efectuara á igrexa e que logo boa parte delas se converteron en públicas para o disfrute da veciñanza. Facendo memoria entre os eas cambadesas, coinciden nos bos momentos de ocio pasados ao longo da súa vida nestes lugares. E case sempre, repetindo que Cambados mantíña unha débeda pendente coa "Francesa".

O feito de convertela en filla adoptiva ben a poñer fin a esta inxustiza, a recoñecer a boa labor e a xenerosidade de Dolorès del Valle Béchade coa vila de Cambados e cos seus veciños e veciñas, especialmente entre a mocidade que puido disfrutar e segue a facelo dos espazos doados por ela, e a axudar a facer pública e a difundir a súa historia para que non volva a quedar no esquecemento.

A Corporación Municipal do Concello de Cambados agradece a Bea Laya a súa labor de investigación sobre a vida de Dona María Dolorès del Valle Béchade e á Asociación Cen Follas, da que forma parte, pola divulgación e publicación da reportaxe "Dolorès del Valle



Béchade. A Historia da Francesa" polo enriquecemento que supón para toda a veciñanza cambadesa o coñecemento e o recordo desta gran muller de carácter altruista, bondadosa, prolífica nas artes, moderna, valente e sobre todo da súa condición de gran benfeitora da nosa vila.

Agradecemos infinitamente á súa familia a súa xenerosidade con Cambados ao compartir momentos íntimos da súa tía, as súas vivencias persoais e mesmo fotografías da súa vida, para poder coñecer máis profundamente a súa figura. Agradecemos publicamente tamén, a bondade de toda a familia del Valle Béchade co pobo cambadés adquirimos o compromiso de saldar a débeda, da que durante tantos anos escoitamos falar, con Dolores del Valle "A francesa".

Por todo o exposto, en virtude das competencias atribuídas ao Pleno polo artigo 9 do Regulamento da Medalla da Vila e Honores e Distincións do Concello, e polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

- 1. Nomear a D^a María Dolores del Valle Béchade como "Filla Adoptiva" do Concello de Cambados a título póstumo.*
- 2. Que a "Praza de A Xuventude" pase a denominarse "Praza A Xuventude de Dolorés del Valle" descubríndose unha praca co seu nome e acondicionándose para o lecer da mocidade cambadesa, tal e como era o desexo de Dona María Dolorés del Valle."*

A Sra. Beatriz Laya da lectura á seguinte intervención,

"Hai algo máis dun ano, cando comezabamos a preparar o sumario do número dous da revista Cen Follas, a cal acabamos de publicar, decidimos marcarnos un obxectivo: recuperar a memoria daqueles persoeiros que foran importantes para a historia da nosa vila. E tiñamos moi claro que había dúas débedas pendentes: Dolores del Valle e Narciso Pérez.

A labor de investigación é un traballo que require moitas horas do tempo persoal que se dedican, case obsesivamente, a un tema, tirando de cada fío que atopamos polo camiño ata dar coas respostas acertadas. Consultar fondos, de existiren, buscar fontes que nos poidan informar, se se conservan, entrevistar a coñecedores do tema, de ser posible... e cando todo isto remata, poñelo por escrito coa calidade que o artigo se merece.

Diso poden dar boa conta as moitas persoas que en Cambados dedican boa parte do seu tempo de ocio a esta labor. Na gran maioría das ocasións, fano de xeito desinteresado, sen máis ambición que aportar algo máis de luz sobre o pasado, a historia, a arte e a cultura da nosa vila, e con sorte poder chegar a publicalo para que todas as demais nos poidamos beneficiar desa labor altruísta.

Por iso quero agradecer especialmente a Fátima Abal e ao concello de Cambados que se fixesen eco da historia de Dolores del Valle, que soubesen recoñecer a importancia de recuperala súa memoria, e honrala publicamente como se merece. Pero tamén os convido a apoiar dende o concello o traballo dos investigadores e investigadoras, e axudar economicamente a que os seus traballos poidan ser publicados.

Tamén quero recordar que, aínda que sen haber esperado a que se publicase o artigo sobre Narciso Pérez na revista Cen Follas, hoxe en día Cambados conta cunha exposición permanente sobre o escultor e unha placa conmemorativa na casa onde viviu, grazas ao traballo de investigación publicado tamén na revista por Jose Vaamonde.

Con todo isto tan só quero recordar a importancia de apoiar a nosa cultura e a aqueles que traballan de xeito desinteresado, recoñecendo a súa labor e citando a autoría, para que actos coma o de hoxe sexan posible, xa que co seu sacrificio, traballo e altruísmo, seguimos enriquecendo a nosa vila e a súa cultura.

Dolores del Valle foi unha muller sen a cal Cambados non sería o que foi durante boa parte dos últimos case cen anos. Non debemos perder de vista que o foi grazas ás súas posibilidades económicas e crenzas relixiosas, pero tampouco debemos esquecer o contexto no que viviu, onde sen estas dúas condicións non sería posible facer o que fixo. Unha muller libre e valente que, seguindo seguramente o exemplo doutras grandes mulleres galegas como foron Concepción Arenal ou Juana de Vega, decidiu dedicar boa parte do seu tempo e recursos a mellorar a calidade de vida dos máis desfavorecidos.



Hoxe é un día de gran ledicia, pois por fin se lle rende a homenaxe que tanto merecía. Tamén é un día que convida á reflexión, pois tiveron que pasar preto de noventa anos para que se recoñecese publicamente a súa xenerosidade. A débeda pendente con Dolores del Valle non pode ser saldada só nomeado unha praza co seu nome, pois así só conseguiremos crear preguntas sen resposta. Saldar esta débeda debe facerse divulgando a súa figura, especialmente entre a mocidade que seguramente xamais escoitaron falar dela, e dar a coñecer quen foi e a valía das súas doazóns, pois pode ser un bo exemplo de xenerosidade a seguir.

Cando comecei a investigar sobre Dolores del Valle, tan só se coñecía publicamente o seu alcume e as súas doazóns. Nin unha foto. Nin un texto sobre ela. Por iso quero tamén agradecer a aqueles que colaboraron para que puidese elaborar este artigo, aos que me sinalaron os fíos dos que tirar e aos que me animaron a facelo, e aos que recoñeceron a inxustiza que Cambados cometera con Dolores del Valle.

Grazas de novo ao Concello de Cambados por nomeala filla adoptiva e recoñecer así a súa labor e xenerosidade, poñendo fin a demasiados anos de inxustiza e esquecemento.

E grazas especialmente á súa sobriña Lucía Vidal e familia, por abrirme a súa casa e os seus recordos, e facer posible que hoxe Cambados coñeza moito máis, e sobre todo recoñeza, a Dolores del Valle, A Francesa.”

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) expón que a traxectoria da homenaxeada é impecable e que se trata dun recoñecemento moi merecido.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o recoñecemento é positivo e axeitado.

Sinala que os que son de Cambados beneficiáronse das actuacións desta benfeitora ao disfrutar de espazos como o edificio da Xuventude ou do campo da Merced. Considera axeitado o recoñecemento, ademáis, por atoparnos diante unha muller.

Agradece todo o traballo ao Concello, a Beatriz Laya polo seu estudo e á Asociación Cen Follas pola súa tarefa de divulgación cultural.

Di que se trata dun día de ledicia e solicita ao Concello que siga nesta liña dando parabéns a todos os que participaron na iniciativa.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) agradece a tarefa realizada por Beatriz Laya e a Asociación Cen Follas. Di que se trata de recoñecer a tarefa de persoas ilustres que adicaron a súa vida a Cambados e por isto coincide en que estamos ante un día de ledicia por tal motivo.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que é un día de ledicia para o Concello. Da conta das súas vivencias en Fefiñáns, na Xuventude e nos Salesianos. Considera moi acertada a iniciativa do Concello neste aspecto e recoñece a tarefa de Beatriz Laya e dos seus compañeiros/as de Cen Follas a prol da cultura e da figura da muller.

A Sra. Alcaldesa di que antes de realizar este estudo pouco se coñecía da vida desta muller e incide en agradecer a tarefa da historiadora Beatriz Laya.

Aclara que o domingo 11 e o cabodano de M^a Dolores Béchade, data na que está previsto o descubrimento dunha placa na Praza da Xuventude.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,



ACORDO:

1. Nomear a D^a María Dolores del Valle Béchade como "Filla Adoptiva" do Concello de Cambados a título póstumo.
2. Que a "Praza de A Xuventude" pase a denominarse "Praza A Xuventude de Dolorés del Valle" descubríndose unha praca co seu nome e acondicionándose para o lecer da mocidade cambadesa, tal e como era o desexo de Dona María Dolorés del Valle.

E non tendo máis asuntos de que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

